

O PSOE de Antas de Ulla demostra a “falla de ética e de transparencia” nas contratacións municipais, coas que o alcalde favorece a familiares e a persoas afíns ao PP

Na Conta Xeral de 2013 pódese comprobar que existe documentación de facturas correspondentes a obras que suman 37.500 euros, que non só non é o suficientemente clara, senón que beneficia ao cuñado do alcalde, por unha asistencia xurídica que a entidade local podería recibir gratis da Deputación, e ao marido da edil liberada polo PP, ademais doutras persoas vinculadas a ex cargos do concello

Como exemplo “da nula xestión económica”, destacan os gastos derivados da Feira do Queixo que suman 47.876€, e dos que 3.146 se corresponden con comidas (143 comidas a 22€), ademais doutros 1.718,20 en concepto de catering

A pésima xestión económica levada a cabo dende que Javier Varela é alcalde, póneno de manifesto os datos oficiais do Ministerio de Facenda. Antas de Ulla é o concello máis endebedado da contorna; cuestión que non se aprecia nas contas públicas porque o rexedor sempre infla o orzamento en máis de tres millóns de euros en base a unha publicación no BOP para a residencia de maiores e a traída municipal

ANTAS DE ULLA, 24 DE OUTUBRO DE 2014.- Os socialistas de Antas de Ulla consideran que a Conta Xeral de 2013 amosa claramente a “absoluta falla de ética e de transparencia nas contratacións que fai o alcalde, así como o amiguismo e a nula xestión económica do Goberno local”. O grupo municipal do PSOE deste municipio fai estas valoracións logo de examinar minuciosamente o documento contable e de comprobar que a documentación das facturas que a forman non é o suficientemente clara, e só cando se trata de pagamentos que corresponden a outras administracións, xeralmente á Xunta de Galicia, a través de subvencións, a descrición si que está realizada con detalle e se pode saber o destino. De non ser así, asegura Pilar García Porto, resulta imposible deducir onde se realiza a inversión.

En total, as facturas incluídas nesta situación suman un importe que se aproxima aos 37.500€ coa única explicación de que son obras e/ou reparacións viarias. Por este motivo, García Porto sospeita que a intención do rexedor “é ocultar o destino”, pois hai que ter en conta que nalgúns ocasións se fala de cantidades considerables, que benefician a familiares e a persoas afíns ao Partido Popular deste municipio.

“Amiguismo e favoritismo”

A falla de transparencia, pero tamén o “amiguismo e favoritismo” que rexe este proceso, tamén se observa, explica a socialista, nas contratacións dos seguros dos vehículos municipais, pois estas fanse cun tomador que resulta ser o marido da actual concelleira liberada do PP, Doris Sobrado, e que suman 3.542€. “O grave, subliña, xa non é so a cantidade, senón que o tomador resulta ser él. Ademais paga a un cuñado seu, que é avogado de profesión, o importe de 2.662€ en concepto de minuta honorarios procedemento abreviado 219/12”. Para os socialistas trátase dun custo “elevadísimo”, pois o Concello pode ter totalmente gratis asistencia xurídica da Deputación de Lugo. Isto pon de manifesto que o PP “pon a alcaldía ó servizo de intereses de amizade, en lugar de procurar as mellores prestacións para os veciños, pois o correcto sería sacar estes contratos a concurso en aras da transparencia, a igualdade de oportunidades e mellor xestión, en lugar da contratación a dedo”.

"Nula xestión económica"

Como exemplo "da nula xestión económica" son os gastos derivados da Feira do Queixo que suman 47.876€, e dos que 3.146 se corresponden con comidas (143 comidas a 22€), ademais doutros 1.718,20 en concepto de catering. Por outra banda, os gastos de publicidade de dito evento gastronómico suman 19.737,08€. "É un festexo importante pero o gasto é a todas luces esaxerado, e nós xa plantexaremos propostas para que se reducirá", apunta a socialista.

Asimesmo, a entidade local pagoulle a Fenosa por pagos pendentes do último trimetre do 2011 e o primeiro do 2012 33.297,67€, ademais de tres prazos do convenio asinado con eles para solventar a débeda contraída (por impagos de anos anteriores), e que suman 32.002,93€. O último que cabe lembrar como exemplo da pésima xestión económica levada a cabo dende que Javier Varela é alcalde, subraia García Porto, póneno de manifesto os datos oficiais do Ministerio de Facenda. Antas de Ulla é o concello máis endebedado da contorna, pero, claro, isto non se aprecia nas cifras que presenta a entidade local porque sempre infla o orzamento en máis de tres millóns de euros en base a unha publicación no BOP para a residencia de maiores e a traída municipal, conclúe a socialista.